

17 de abril de 2013. A Xunta vén de apresentar o definitivo **Plano Director de Acuicultura (PDA)** , o instrumento legal que permitirá á patronal acuícola asaltar a Rede Natura, comezando por Touriñán . Ducias e ducias de páxinas de infografías e retórica, ao estilo dos libros brancos fraguianos, para xustificar que **toda a nosa costa é susceptíbel de acoler piscifatorías** . Sen zonas de exclusión, sen medidas para reducir impactos sobre o territorio e os recursos naturais máis aló da cosmética, sen informe de viabilidade económica nen orzamento... A Xunta teima en apoiar o **"sistema PESCANOVA"** , un modelo fracasado baseado na **especulación** , o **produtivismo** e a **desregulación** ambiental, cunha ínfima criazón de emprego . Semella que nin Feijóo nin Fernández de Sousa aprenderon nada da nefasta experiencia de Pescanova en Mira...

A planificación acuícola deste PDA está escandalosamente sesgada cara a acuicultura industrial en terra, esquecendo que o groso do sector e dos postos de traballo corresponden á acuicultura a flote, o marisqueo e aos cultivos mariños. Atende únicamente ás necesidades da industria, principalmente da patronal do peixe plano, nucleada arredor de dúas grandes transnacionais (Stolt Sea Farm e Pescanova), e non ás características e valores do medio receptor.

PESCAXUNTA
XUNTA NOVA
CONSELLERIA DO MAR

Neste PDA, para non "mollarse" e delimitar as áreas de desenvolvemento acuícola e as zonas de exclusión, acódese ao conceito *"equilibrio entre regulación e flexibilidade"*, de xeito que as condicións de selección dun emprazamento veñen determinadas polo *"momento temporal, a innovación tecnolóxica e o desenvolvemento territorial"* . Traducindo esta florida terminoloxía, significa que as piscifatorías irán onde lle interese á patronal e decida a discreción o conselleiro/a de turno.

Tendo en conta ademais que *"a propiedade dos terreos corresponderá á iniciativa privada e que as actuacións levaranse a cabo por expropiación forzosa só no caso que sexa necesario"* fica claro cal é o papel da Xunta: Eliminar molestos atrancos ambientais e sociais. Para iso fíxose o
POL
, o
Plano Director da Rede Natura
, declarouse a acuicultura
"de interese público de primeira orde"
e castrouse a
lexislación de avaliación ambiental
.



Ademais resulta chamativo que este PDAL NON inclúa no seu Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) como é preceitivo:

-As medidas para reducir os efectos negativos sobre o territorio e as variables da sustentabilidade.

-O informe de viabilidade económica e orzamentos previstos.

Para a Xunta *"O PDAL non prevé a localización nin desenvolvemento de ningún establecemento en concreto, senón que é o marco estratéxico no que se deberán valorar estes"* polo que *"non é necesario recoller un estudo económico financeiro ao uso"* nin establecer as *"medidas necesarias para minorar os seus efectos negativos... que deben centrarse e diferirse, necesariamente, á fase proxectual"* . Sen unha análise nin de impactos nin de custos, a Xunta propón unha desregulamentación de facto da acuicultura galega, consagrando a discrecionalidade e cedendo o protagonismo de desenvolver o sector e xestionar o litoral ás empresas.

Resulta ben triste que na guía sobre os criterios de sustentabilidade e integración paisaxística que acompaña a este PDAL, despois de encher ducias de páxinas cunha variada serie de recomendacións que afectan á sustentabilidade dos proxectos, a Xunta pretenda resolver o impacto paisaxístico destes monstros con curiosas propostas para "ambientalizar" macroinstalacións como a de Cabo Vilán: Disposición en socalcos dos tanques de engorde, muros vexetais e redes de camuflaxe para agochar o cemento, moita pintura verde e zonas axardinadas entre as piscinas... Para Feijóo, o que non se ve, non pode causar dano!

Con este PDA, Feijóo aposta por unha acuicultura modelo Chile, Guatemala ou Indonesia: Desfeita ambiental, contaminación e man de obra escasa e precaria, sometendo o litoral aos intereses das empresas. Mais este PDA seguirá a ser outro "libro branco" ou campaña de publicidade fallida da Xunta, mentres os fundos europeos de pesca sigan excluindo a macroacuicultura industrial: Nin Stolt, nin moito menos Pescanova tal e como está nestes intres, darán un paso sen ter garantido o 50% de subvencións públicas.